



CURSO 2023-24

Plan Xeral Atención á Diversidade

CRA Boqueixón Vedra Neira Vilas

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. MARCO LEXISLATIVO

3. CONTEXTO ESCOLAR

4. OBXECTIVOS

5. DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN NO ALUMNADO CON NEAE

5.1. Medidas Ordinarias

5.1.1. Criterios para a aplicación das medidas ordinarias

5.2. Medidas Extraordinarias

5.2.1. Criterios para a aplicación das medidas extraordinarias

5.3. Protocolo de actuación

5.4. Criterios de utilización dos servizos de apoio específicos

6. PROGRAMAS E PLANS DE INTERVENCIÓN

7. RECURSOS

7.1. Materiais

7.2. Persoais

7.3. Organizativos e funcionais

8. TEMPORALIZACIÓN

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

10. BIBLIOGRAFÍA

11. NORMATIVA LEGAL

12. WEBGRAFÍA

13. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade implica unha acomodación da escola ás necesidades educativas de todo o alumnado, o que esixe os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos que configuran o proceso educativo.

Neste sentido, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e reaxuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

Sabemos que nas aulas non existe un alumno/a tipo, senón que cada neno/a é singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o complexo proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Educar na diversidade conleva asumir esta, e explotar o seu papel enriquecedor, ensinando a cada alumno/a segundo as súas características, establecendo os mecanismos e empregando os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dando as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensando e actuando baixo un currículo aberto e flexible, recoñecendo e valorando as distintas culturas e orixes, implicando a toda a comunidade educativa, poñendo á disposición do alumnado todos os medios posibles, rexéndose polos principios de integración e individualización.

Neste sentido, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado e comunidade educativa, non só para o alumnado con algunha necesidade específica de apoio educativo.

Os departamentos de Orientación serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos equipos de ciclo, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo. Este Plan será aprobado polo Consello Escolar, por proposta do Claustro do profesorado, e pasará a formar parte do Proxecto Educativo.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Ao comezo de cada curso escolar, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual.

2. MARCO LEGISLATIVO

No artigo 7 do [Decreto 229/2011](#), e no artigo 41 da [Orde do 8 de setembro do 2021](#) que concreta o anterior, defínense as medidas de atención á diversidade como *“aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”*.

Nos artigos 8 e 9 do [Decreto 229/2011](#) (artigo 42 e 54 [Orde do 8 de setembro de 2021](#)) recóllense as medidas ordinarias e extraordinarias, respectivamente, e no artigo 4.5 establécese que *“na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores”*.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

3. CONTEXTO ESCOLAR

CRA Boqueixón Vedra “Neira Vilas”

Código de centro: 15032571

N.I.F: Q1500315E

Lugar Vilar, Centro sociocultural Camilo José Cela

15881 Lestedo – Boqueixón (A Coruña)

Tel. 616 440 471

Correo electrónico: cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.gal

Xeograficamente os centros que compoñen o CRA están situados nos concellos de Boqueixón e Vedra: 3 escolas no primeiro concello, nas parroquias de Lestedo, Sergude e Camporrapado, e 3 escolas no concello de Vedra, nas parroquias de San Fins de Sales, San Xulián de Sales, e San Miguel de Sarandón.

A actividade económica dos municipios está claramente dominada pola explotación dos recursos agrarios e gandería, na que se ocupa gran parte da poboación activa. Tamén cabe destacar a existencia de importantes industrias manufactureiras nas que moitos dos pais e nais

de alumnos/as están traballando, destacando a Escola de Camporrapado.

A poboación pódese catalogar de clase media. A finais dos anos 90 comezaron a construírse urbanizacións nas que viven persoas de clase media-alta. As profesións que predominan son funcionarios/as, seguidos de obreiros/as e asalariados/as.

En canto á relación coa nosa contorna, dicir que con ámbolos dous concellos establecemos lazos de comunicación fluídos e ademais realizamos varios proxectos en conxunto como poden ser o proxecto intercultural, a semana da ciencia e a celebración do Día do libro.

4. OBXECTIVOS

- Avanzar na planificación e desenvolvemento de medidas preventivas e ordinarias de atención á diversidade.
- Colaborar co profesorado na detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidades educativas especiais realizando unha avaliación psicopedagóxica cando sexa precisa.
- Facilitar ao alumnado, en xeral, e a aqueles que presenta necesidades específicas de apoio educativo, unha resposta rápida e o máis axeitada posible que permita optimizar o seu desenvolvemento persoal, social e curricular, e como consecuencia, adquirir as competencias básicas no maior grao posible.
- Manter a recollida de información sobre aspectos básicos do desenvolvemento do alumno/a.
- Definir pautas de intervención do profesorado de apoio específico.
- Favorecer ao desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten unha adaptación ás necesidades de cada escolar.
- Optimizar o uso dos recursos persoais, materiais e organizativos do centro.
- Favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe co apoio na aula ordinaria do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Procurar que nos procesos de avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais colabore todo o profesorado implicado.
- Promover o desenvolvemento de programas de intervención específicos segundo as necesidades do alumnado.
- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Favorecer a implicación da familias na educación dos seus fillos/as e, en xeral, na dinámica do centro.
- Potenciar os esforzos de coordinación cos Departamentos de Orientación doutros

centros educativos do concello e cos Servizos Sociais.

- Facilitar a coordinación con axentes externos ao centro que realicen determinadas intervencións co alumnado (asociacións, servizos sanitarios...).

5. DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN NO ALUMNADO CON NEAE

Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores ou por resultaren estas insuficientes.

5.1. Medidas Ordinarias.

De conformidade co establecido no artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

5.1.1. Criterios para a aplicación das medidas ordinarias.

A aplicación das medidas ordinarias non necesitará de autorización para levalas a cabo, e

realizaranse segundo se establece a continuación:

- Estarán dirixidas a aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
- Serán planificadas e impartidas polo mestre/a que imparte a área ou materia na que o alumnado as necesita no contexto escolar ordinario, coa colaboración, se é necesaria, do profesorado con dispoñibilidade horaria, e co coñecemento do titor ou titora quen llo comunicará ao equipo directivo e á familia do alumno/a.
- Si é precisa a colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria no centro, a principios de curso celebrarase unha reunión entre a xefatura de estudos e a xefatura do departamento de orientación na cal se fará unha valoración inicial da situación e se determinaran as horas de apoio que pode recibir cada curso. Así, concretaranse a relación de mestres/as con dispoñibilidade horaria e o número de horas das que dispoñen, o número de alumnos/as e o tipo de necesidades que manifestan así como o curso ao que pertencen. A xefatura de estudos de acordo coa xefatura do departamento de Orientación distribuirá ao profesorado de apoio nas clases que o precisen unha vez que o departamento de orientación xa teña marcados os apoios dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Quedarán reflexadas no expediente do alumnado.

5.2. Medidas Extraordinarias.

De conformidade co artigo 9 do [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da Dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Departamento de Orientación.

Como medidas extraordinarias de atención á diversidade están:

- Adaptacións Curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en P.T. e/ou A.L.

- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a o centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.

5.2.1. Criterios para a aplicación de medidas extraordinarias.

Para a aplicación das medidas extraordinarias de atención á diversidade propostasteranse en conta os criterios que a continuación se expoñen:

- Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.
- Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da Dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, previo informe xustificativo do correspondente Departamento de Orientación (informe de avaliación psicopedagóxica do orientador/a do centro educativo, informe do Equipo de Orientación Específico ou ditame de escolarización) que debe recoller a conveniencia de levar a cabo ditas medidas. Se non existe ningún dos citados documentos (alumnado que se escolariza por primeira vez ou alumnado que ata ese momento recibiu medidas ordinarias que resultaron insuficientes) e se presupón a necesidade de recorrer á medidas extraordinarias de atención á diversidade, deberá solicitarse a realización dunha avaliación psicopedagóxica á Xefatura do Departamento de Orientación. Esta solicitude poderá proceder dos titores/as do grupo clase, dos pais ou titores legais do alumnado ou do Equipo Directivo do centro. Para solicitar a avaliación hai que cubrir de maneira íntegra, e o máis detalladamente posible o documento acreditado para tal fin que figura nos anexos deste plan xeral de atención á diversidade.
- Quedarán reflexadas no expediente do alumnado.
- Priorizarase a atención ao alumnado con NEE, é dicir, o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e

da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento, sen prexuízo de que se atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5.3. Protocolo de actuación.

- Detección de necesidades nun alumno/a por un mestre/ a ou pola súa familia.
- Comunicación ao titor/a no caso que as necesidades fosen detectadas por un especialista ou pola familia.
- Comunicación ao Departamento de Orientación e elaboración dun informe/cuestionario por parte do titor/a para solicitar a demanda de intervención do orientador/a segundo o modelo establecido, cando sexa necesario.
- Valoración da solicitude por parte do Departamento de Orientación, no caso de ser necesaria a realización dunha avaliación psicopedagóxica, solicitude da correspondente autorización para levala a cabo.
- Entrega ao titor dun cuestionario previo á avaliación psicopedagóxica para recoller a información relevante do proceso de ensino – aprendizaxe do alumno/a, segundo o modelo establecido.
- Realización da avaliación psicopedagóxica polo orientador/a.
- Realización do informe psicopedagóxico. Este informe terá carácter confidencial e será custodiado polo Departamento de Orientación.
- O Departamento de Orientación poderá solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico, baixo a autorización da familia, para obter unha valoración máis especializada segundo as necesidades do alumno/a.
- Reunión coa familia para comunicarlle as dificultades do seu fillo/a, as medidas de atención á diversidade que se van a levar a cabo, solicitándolle a súa autorización, e prestándolle o asesoramento e as orientacións necesarias.
- Seguimento do desenvolvemento do alumno/a e das medidas adoptadas, valorando a súa adecuación e a introdución de cambios se fosen precisos. Elaboración de informes periódicos de seguimento. O Departamento de Orientación xunto cos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica determinarán a súa periodicidade.
- Reunión co director/a e o profesorado que intervén co alumno/a para comunicarlle os resultados da avaliación psicopedagóxica e as medidas a adoptar, así como o asesoramento e recursos necesarios. No caso de que non sexa necesaria ou posible a intervención dun especialista, o reforzo educativo será realizado por parte do titor/a,

contando co asesoramento e colaboración dos membros do Departamento de Orientación cando sexa necesario.

- Intervención do Departamento de Orientación naqueles casos nos que se produzan requirimentos ou demandas por parte de organismos ou servizos externos: Servizos sociais, de saúde, ONCE, Menores,... sobre alumnado con NEAE.

5.4. Criterios de utilización dos servizos de apoio específicos.

En canto aos criterios de utilización dos servizos de apoio, tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, a xefatura de orientación establecerá a proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, outros profesionais específicos, e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de apoio. Teranse en conta os seguintes criterios por orde de prioridade:

- Alumnado con NEAE permanentes (problemas de audición e linguaxe graves, trastornos motóricos, trastornos da personalidade, trastornos de conducta, TDAH, TEA, discapacidade intelectual,...).
- Alumnado con NEAE transitorias: atraso na aprendizaxe (desaxuste dun nivel ou máis respecto do grupo), por incorporación tardía ao sistema educativo (alumnado estranxeiro), por pertencer a un grupo social desfavorecido e/ou vulnerable, por enfermidade, absentismo escolar,...

Os criterios para poder recibir apoio PT/AL son:

- Alumnado valorado polo D.O con informe psicopedagóxico.
- A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso. Tendo en conta a [Orde do 8 de setembro do 2021](#) o profesorado especialista en PT e AL atenderá de xeito prioritario ao alumnado NEE e só se é posible ao alumnado NEAE. Cando non sexa posible, o alumnado NEAE será atendido por profesorado con dispoñibilidade horaria.

6. PROGRAMAS E PLANS DE INTERVENCIÓN

Promoveremos e desenvolveremos os seguintes programas, sempre adaptándonos ás circunstancias, particularidades e necesidades do alumnado e do centro:

- **Programa de estimulación da linguaxe oral (PELO):** Nel abórdanse obxectivos relativos ao desenvolvemento da linguaxe oral e os contidos impártense en base a actividades lúdicas. O plan terá o propósito básico de favorecer o desenvolvemento lingüístico, á vez que previr, na primeira etapa da escolarización, as dificultades

relacionadas coa linguaxe.

- **Plan de atención ao alumnado con TEA.** Conscientes das necesidades do noso alumnado, elaboramos o seguinte protocolo de actuación:
 - É fundamental coñecer as características especiais deste alumnado polo que a xefatura do D.O. deberá transmitirle información á comunidade educativa sobre o tema.
 - Estruturación espacial e temporal do centro e da aula con pictogramas para facilitar a integración e a autonomía persoal.
 - Elaboración de carteis/pictogramas coas normas do centro para ser colocados en espazos visibles.
 - Uso de pictogramas como apoio á labor docente.
 - Información ao profesorado e persoal non docente das problemáticas que poden aparecer durante o patio, nas entradas e saídas e nos momentos de lecer e establecemento de estratexias de intervención para evitar conflitos e favorecer a integración.
 - Cambios na estruturación dos xogos no patio para facilitar a inclusión de todo o alumnado.
 - En todo caso teremos en conta o Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) publicados pola Consellería de Educación.
- **Plan de absentismo escolar.** Baséase no Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, publicado pola Consellería de Educación. As medidas centraranse prioritariamente na prevención:
 - Informar ás familias nas reunións de principios de curso.
 - Establecer vínculos afectivos coas familias e co alumno/a en risco de exclusión.
 - Realizar actividades de sensibilización sobre a importancia de asistir a clase.
 - Notificar á familia as faltas de asistencia e informar a través da titoría.
 - Engadir no PAT, Plan de Convivencia e Plan de Acollda.
- **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.** Consellería de Educación.
- **Protocolo de Prevención, Detección e Intervención do risco suicida no ámbito educativo.** Consellería de Educación.
- **Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.** Consellería de Educación.
- **Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.** De acordo co editado pola Consellería de Educación.

- **Plan de Acción Titorial.**
- **Plan de convivencia.** A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, a [Lei 4/2011, do 30 de xuño](#), de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de centro (PE). Así mesmo, o artigo 11 do [Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro](#), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o PE de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Este plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
- **Plan de acollida do alumnado** de nova incorporación e incorporación tardía.
 - 3 anos (xornada de visita do alumnado admitido no mes de xuño, entrevista ás familias e período de adaptación segundo o recollido no Plan de acollida do centro).
 - Procedente doutros centros (dinámicas de coñecemento do grupo e cohesión).
 - Inmigrante. Protocolo Consellería de Educación:
 - Acollida á familia.
 - Avaliación inicial e adscrición.
 - Acollida do alumnado na aula.
 - Colaboración con outras entidades.
- **Protocolo de acollida ás familias:** Admisión (xornadas de portas abertas con entrega de trípticos informativos sobre os espazos e funcionamento de cada unha das escolas. Ao inicio de curso entrevista inicial cos titores/as e entrega de información: profesorado, autorizacións, calendario, horario, período de adaptación, normas, material, PDI, merendas saudables,...etc.).
- **Protocolo de acollida ao profesorado de nova incorporación.** Deberá ser informado dos seguintes aspectos:
 - Organización e funcionamento do centro.
 - Documentación do centro.
 - Calendario escolar e horarios.
 - Servizos e instalacións do centro.
 - O PAT.

- Plans de formación.
- Funcionamento do Departamento de Orientación.
- **Plans de formación permanente do profesorado (PFPP)** en relación coa atención á diversidade. Propostas do equipo docente e D.O segundo as necesidades do centro para cada curso.
- **Programas específicos dentro do Plan de Convivencia:**
 - Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
 - Protocolo de mediación escolar.
- **Programa de habilidades sociais.** Ten como finalidade a prevención de condutas disruptivas. Está destinado á totalidade do alumnado e impartido polo titor/a e a totalidade do profesorado co asesoramento e colaboración do D.O.
- **Plan de Benestar emocional.** Ten como finalidade a mellora da xestión emocional do alumnado e polo tanto, a mellora da xestión dos posibles conflitos que poidan xurdir entre eles.

7. RECURSOS

Materials.

- Bibliografía específica referida á orientación educativa, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Material educativo de apoio para o deseño de actuacións e intervencións específicas.
- Ordenador con conexión á rede.
- Materiais de elaboración propia.

Persoais.

- Internos: 9 mestres/as titores/as, 7 mestres especialistas (música, educación física, inglés, relixión, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica, apoio), 1 orientadora, 1 auxiliar de conversa, e 1 cuidadora.
- Externos: Equipo de Orientación Específico (EOE), Centro de Formación e Recursos (CAFI), Servizos sociais, Asociacións, UAT, UACO, RAOGAL,...etc.

Organizativos e funcionais.

En canto aos recursos funcionais e organizativos debemos destacar que nos coordinamos en función de dous tipos de órganos: os órganos de goberno e os órganos de coordinación docente. En referencia á orientación debemos destacar os seguintes aspectos organizativos e funcionais:

- Organizativos: reunións semanais dos membros do D.O (orientadora, especialistas en

PT e AL e directora), ademais das precisas coas familias do noso alumnado.

- Funcionais: coordinación docente, colaboración, seguimento, apoio do Equipo de Orientación Específico... segundo as necesidades.

8. TEMPORALIZACIÓN

A coordenada temporal que rexe as actuacións e previsións descritas é o curso académico, estruturado en tres períodos que se corresponden cos trimestres lectivos.

Entendemos a temporalización dunha forma flexible, coherente coa propia natureza da actividade, e aberta ás necesidades ou actuacións prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade estará marcado por tres momentos esenciais: unha avaliación inicial, unha avaliación procesual e unha avaliación final.

Avaliación inicial.

Para partir sempre da realidade e contexto no que se atopa inmerso o centro e, polo tanto, para coñecer as necesidades dos alumnos/ as que están escolarizados nel, ao longo do 2º ciclo de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria.

Para realizar esta avaliación inicial precisamos da colaboración dos titores/as, os cales se atopan directamente vinculados ao seu grupo de alumnos/as e comparten maior cantidade de experiencias con eles, e tamén das familias, proporcionándonos información sobre o desenvolvemento do neno/a fóra do ámbito escolar, é dicir, no seu contexto socio-familiar.

Co fin de dar unha resposta o máis axustada posible ás necesidades do alumnado, seguiremos un proceso que inclúe:

- Entrevista coas familias do alumnado que se incorpora por primeira vez á escola por parte do titor/a. Recollida de datos segundo o modelo establecido.
- Avaliación inicial e identificación de posibles necesidades do alumnado por parte do Departamento de Orientación.

Esta avaliación proporciona información para poder adaptar o noso plan, e máis concretamente o proceso de ensinanza – aprendizaxe, podendo deste xeito previr e detectar dificultades e intervir de xeito precoz, freando as posibles consecuencias negativas para a evolución do alumno/a.

Avaliación continua.

Esta avaliación implica a recollida sistemática de datos, a súa análise e conseguinte toma de decisións, mentres ten lugar a implementación do Plan de Orientación, e que nos permite

poder facer un seguimento do mesmo e a súa modificación de ser precisa.

A través do seguimento obtemos información relativa ao proceso, permitíndonos reflexionar sobre aspectos como os obxectivos, contidos, estratexias de intervención, maneiras de implicar ás familias...

Sen dúbida, todo este proceso de avaliación do plan ofrece información sobre os problemas e necesidades dos alumnos/as, da comunidade educativa e as nosas propias, e polo tanto, orienta as decisións que debemos tomar durante a propia intervención e unha vez rematada esta.

Durante todo o proceso, e por parte de todos/as os/as responsables (a través dunha avaliación compartida) irase recollendo información e propostas que permitan adaptar o plan, tendo en conta as observacións do equipo directivo, de todo o profesorado, así como do alumnado e as súas familias.

Avaliación final.

Esta avaliación final adopta unha función de análise da consecución dos obxectivos e de retroalimentación da programación prevista, para tomar as decisións oportunas coa finalidade de mellorar o propio proceso.

Ademais nesta avaliación final teranse en conta as actividades realizadas, a síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades e obstáculos atopados, os aspectos a mellorar, as modificacións introducidas, así como as suxestións de mellora recollidas ao longo do proceso e as propostas de innovación necesarias.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é un documento a longo prazo, polo que ao longo de cada curso escolar será preciso realizar unha revisión do mesmo para introducir as modificacións que se consideren necesarias.

10. BIBLIOGRAFÍA

- PEÑAFIEL MARTÍNEZ, F. (1997): "La educación especial en los centros educativos". Editorial Aljibe. Málaga.
- GARCÍA MENDOZA, JOSÉ LUÍS; REY FERNÁNDEZ, MANUEL e VÁZQUEZ CAZÓN, M^a ISABEL (2000): "A orientación educativa en Galicia, da teoría á práctica". Editorial Publicidad y Ediciones. A Coruña.
- SÁNCHEZ PALOMINO, A. y TORRES GONZÁLEZ, J.A. (2002): "Educación Especial. Centros educativos y profesores ante la diversidad". Editorial Pirámide. Madrid.
- MOYA MAYA, A. (2002): "El profesor de apoyo, ¿dónde?, ¿cuándo? Y ¿cómo? Realiza su trabajo". Editorial Aljibe. Málaga.

11. NORMATIVA LEGAL

- [Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro](#), para a mellora da calidade educativa.
- [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio](#), de educación, modificada pola **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.
- [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro](#), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- [Decreto 150/2022, do 8 de setembro](#), polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Decreto 330/2009, do 4 de xuño](#), polo que se establece o currículo de Educación Infantil.
- [Decreto 105/2014, do 4 de setembro](#), polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Orde do 8 de setembro de 2021](#) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Orde do 9 de xuño de 2016](#) pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Decreto 374/1996, do 17 de outubro](#), polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG do 21/10/96).
- [Orde do 22 de xullo de 1997](#) pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).
- [Orde do 25 de xuño de 2009](#) pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10/07/2009).
- [Decreto 120/1998, de 23 de abril](#), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 27 de Abril de 1998).
- [Orde do 24 de xullo de 1998](#) pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada



polo Decreto 120/1998 (DOG de 31 de outubro de 1998).

12. WEBGRAFÍA

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion/1556>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/taxonomy/term/940>

<https://creena.educacion.navarra.es/web/>

<http://sid.usal.es/>

www.espaciologopedico.comwww.feaps.org

<https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/educacion-inclusiva.html>

<https://www.european-agency.org>

<https://www.once.es/servicios-sociales/educacion-inclusiva>

<https://education.ec.europa.eu/es/focus-topics/improving-quality/inclusive-education>

13. ANEXOS



INFORMACIÓN AS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Alumno/a:.....

Data de nacemento:.....Nivel:Etapa.....

D./D^a.....,

con DNI, pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) deste/a alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica (tal como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) por parte da xefa do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Polo que:

ESTOU DE ACORDO

NON ESTOU DE ACORDO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación)

En..... a,..... de..... de 202.....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
 (Sinatura)

Asdo.....



AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A INTERVENCIÓN DO EOE

Alumno/a:.....

Data de nacemento:.....Nivel.....Etapa.....

D./Dª.....,

con DNI, pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) deste/a alumno/a, fun informado/a da conveniencia da intervención do EOE, co fin de valorar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

En.....a,..... de..... de 202....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
 (Sinatura)

Asdo.....



CONFORMIDADE EXPRESA DA FAMILIA COA PROPOSTA DE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN

D^a.....con

DNI..... e D.....

con DNI....., como nai/titora legal e pai/titor legal, respectivamente,

da/o alumna/o..... fomos

informados da conveniencia da realización da flexibilización da duración do período de

escolarización (aumentar un ano, respecto do establecido con carácter xeral, a

permanencia no 2º ciclo da Etapa de Educación Infantil do noso/a fillo/a), tal e como se

recolle na orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do

7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros

docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas

establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, por parte do equipo de

ciclo e da xefatura do Departamento de Orientación, como a medida de atención á

diversidade máis axeitada para adecuar a resposta educativa á variedade de aptitudes,

intereses, expectativas e necesidades do alumno/a.

Polo que:

Manifestamos a nosa conformidade coa proposta de flexibilización da duración do período

de escolarización para o vindeiro curso 20...../20.....

En.....a,..... de..... de 20.....

A nai e/ou titora legal (sinatura)	O pai e/ou titor legal (sinatura)
---------------------------------------	--------------------------------------



**CONSENTIMENTO PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN
 CON PROFESIONAIS EXTERNOS AO CENTRO**

D/Dona.....

Con DNI.....como pai/nai , titor/a legal do/a alumno/a:

.....

escolarizado/a en curso de Educación....., no CRA
 Boqueixón- Vedra “Neira Vilas,”

AUTORIZO **NON AUTORIZO** ao centro escolar ao traslado de
 información sobre o proceso educativo do alumno/a ou toda a información
 que poida ser de relevancia a profesionais externos ao centro que interveñen
 na reeducación do alumno/a.

En.....a,..... de..... de 202....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
 (Sinatura)

Asdo.....



ENTREVISTA INICIAL

- EDUCACIÓN INFANTIL -

CRA BOQUEIXÓN-VEDRA “Neira Vilas”

DATA DA ENTREVISTA:

PERSOAS PRESENTES:

DATOS PERSOAIS.

NOME: DATA DE NACEMENTO:.....

NAI: PROFESIÓN: IDADE:.....

PAI: PROFESIÓN: IDADE:.....

DOMICILIO:

TELÉFONOS DE CONTACTO:

Nº IRMÁNS: LUGAR QUE OCUPA: NOMES DOS QUE ESTEAN NO CENTRO:

HISTORIA DO/A NENO/A.

EMBARAZO:

<input type="checkbox"/>	Embarazo normal ou con dificultades?	
<input type="checkbox"/>	Foi prematuro?	
<input type="checkbox"/>	Parto natural ou con cesárea?	
<input type="checkbox"/>	Estivo na incubadora? Canto tempo?	
<input type="checkbox"/>	Peso do/a neno/a ao nacer?	

LACTANCIA:

<input type="checkbox"/>	Peito ou biberón?	
<input type="checkbox"/>	Durante canto tempo?	
<input type="checkbox"/>	Emprega actualmente biberón?	

HÁBITOS.

ALIMENTACIÓN:

	Ten alerxia a algún alimento?	
	Come de todo?	
	Rexeita algún alimento?	
	Alimentos preferidos?	
	Come con autonomía?	
	Amosa dificultades na comida (vómitos, negacións...)?	

SONO:

	Utiliza a cama ou o berce?	
	Cantas horas dorme?	
	Dorme de xeito irregular? Pesadelos?	
	Esperta durante a noite?	
	Dorme a escuras ou con luz?	
	Dorme só ou acompañado?	
	Necesita algunha rutina ou elemento especial para durmir?	
	Cambiase de cama?	
	Usa chupete ou chupa o dedo?	

HIXIENE:

	Amosa autonomía para o aseo?	
	Colabora no propio vestido e aseo?	
	Amosa alerxia a algún produto?	
	Disfruta do momento do baño?	
	Iníciase no lavado dos dentes?	

CONTROL DE ESFÍNTERES:

	Controla esfínteres? Día e noite?	
	Se non controla, en que momento está?	
	Cando comezou?	
	Como reaccionaban fronte a non retención?	

VIDA RELACIONAL.

Con quen convive?	
Quen o coida habitualmente?	
Xoga só?	
Relaciónase con outros nenos/as?	
Con que outros nenos/as se relaciona?	
Adoita amosar ciumes?	
Prefire xogar con maiores?	
Con quen xoga na casa?	
Imita?	
Asume roles? Cales?	
Que xogos lle gustan?	
Ten algún xoguete preferido?	
Recolle despois de xogar?	
Ve a televisión?	
Canto tempo?	
Algún programa en particular?	

NIVEL MADURATIVO.

LINGUAXE:

Fala en:	
Pronuncia: CORRECTAMENTE INTELIXIBLEMENTE CON DIFICULTADE	
Dificultades na pronunciación (seseo, tartamudeo, dificultades de articulación...)	
Cando comezou a falar?	
Gústalle os contos?	
Cantádeslle? Canta?	
Como é a súa atención? E a súa memoria?	

MOTÓRICO:

Gateou?	
Cando comezou a andar?	
Que man usa con mais asiduidade?	

SAÚDE.

Cando lle empezaron a sair os dentes?	
Oe e ve ben?	
Tivo alguna enfermidade importante?	
Intervencións cirúrxicas?	
Tivo algún accidente importante?	
Seguiu ou segue algún tratamento?	
Ten algunha alerxia?	
Adoita estar enfermo?	
Algunha outra valoración da saúde?	

TEMPERAMENTO.

Indique algún rasgo do seu carácter que sexa sobresaínte: alegre, tranquilo, irritable, medoso. Tímido...	
Chora con facilidade? Por que motivo?	
Cando teñen un conflito, como adoitan correxilo?	
Algún outro dato salientable?	

ESCOLARIDADE.

Asistiu á gardería?	
Dende cando?	
Ía agusto?	
Semella contento de vir á escola?	
Quen o vai recoller?	
Quen se ocupa del cando volta a casa?	
Algún cambio importante dende que comezou a escola?	

OUTROS DATOS DE INTERESE.

RELIXIÓN / ALTERNATIVA	
------------------------	--

OBSERVACIÓNS.

A titora,



SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Alumno/a:	
Data de nacemento:	
Nivel:	Etapa:
Tiror/a :	

2. MOTIVO DA DEMANDA (describese o máis detallado posible)



3. SITUACIÓN ACTUAL DA ALUMNA/O.

Que é o que máis lle preocupa nestes momentos?

Valora do 0 ao 2: 0, non me preocupa (desenvolvemento acorde ao esperado para a súa media de idade); 1, preocúpame (desenvolvemento inferior á media de idade); 2, preocúpame moito (desenvolvemento moi inferior ao esperado para a media de idade).

O desenvolvemento cognitivo	0	1	2
O desenvolvemento psicomotor	0	1	2
O desenvolvemento da comunicación e da linguaxe	0	1	2
O desenvolvemento afectivo e social	0	1	2
O nivel de autonomía	0	1	2
O proceso lectoescritor	0	1	2
O razoamento lóxicomatemático	0	1	2
A dificultade nos procesos psicolóxicos básicos (atención, memoria...)	0	1	2
O rendemento académico	0	1	2
As relacións co titor/a e o resto de profesorado	0	1	2
As relacións co grupo de iguais	0	1	2

5. ACTUACIÓNS REALIZADAS CO ALUMNO/A ATA O MOMENTO ACTUAL.

En.....a.....de.....20.....
 (sinatura)

Asdo.....



INFORMACIÓN Á FAMILIA DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

D./D^a....., con
 DNI..... en calidade de pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda), do alumno/a....., matriculado/a na Escola de..... (CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas") en..... nivel de Educación....., fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención educativa oportunas (dentro e/ou fóra da aula ordinaria) conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. As ditas medidas son as que se indican a continuación:

<input type="checkbox"/>	Apoio educativo da especialista en Pedagogía Terapéutica
<input type="checkbox"/>	Apoio educativo da especialista en Audición e Linguaxe
<input type="checkbox"/>	Adaptación Curricular Significativa (ACS)
<input type="checkbox"/>	Flexibilización da duración do período de escolarización
<input type="checkbox"/>	Agrupamento flexible
<input type="checkbox"/>	Grupo de adquisición das linguas
<input type="checkbox"/>	Grupo de adaptación da competencia curricular
<input type="checkbox"/>	Outras:

En..... a..... de..... de 202....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
 (Sinatura)

Asdo.....



**SOLICITUDE DE ALTA VOLUNTARIA
 DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

D./D^a.....,con
 DNI.....en calidade de pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda), da alumna/o.....,
 escolarizado no CRA de Boqueixón-Vedra “Neira Vilas” en.....nivel de Educación
, fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu/miña fillo/a e das medidas extraordinarias de atención á diversidade que dende o Departamento de Orientación se consideran necesarias para un mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo da alumna/o. A medida de atención á diversidade ofertada á alumna/o, tendo en conta ás necesidades detectadas, foi:

	Apoio educativo da/o especialista en Pedagogía Terapéutica
	Apoio educativo da/o especialista en Audición e Linguaxe
	Outras:

SOLICITO:

A alta voluntaria da medida extraordinaria de atención á diversidade ofertada polo Departamento de Orientación do CRA de Boqueixon-Vedra “Neira Vilas” (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade de continuar coa implementacion desta medida de atención á diversidade).

En.....a, de de 20....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
 (Sinatura)

Asdo.....



SOLICITUDE DE INFORME ESCOLAR POR PARTE DAS FAMILIAS

D./D^a.....,
con DNI....., pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) do/a
alumno/a.....,
escolarizado en nivel de Educación no CRA de Boqueixón-Vedra
"Neira Vilas",

SOLICITO:

Ó/Á titor/a

Ó Departamento de Orientación

a entrega dun informe escolar do meu fillo/a por petición do/da especialista:
....., e entendo que
se trata de documentación confidencial que contén datos persoais relativos ó/á menor, polo
que me comprometo como titor/a legal do mesmo a gardar a confidencialidade de dito
informe e a custodialo coa debida dilixencia.

En.....a, de..... de 202....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

Asdo.....



**XUSTIFICANTE DE ENTREGA
 DE COPIA DO INFORME PSICOPEDAGÓXICO ÁS FAMILIAS**

D./D^a.....,
 con DNI....., pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) do/a
 alumno/a.....,
 escolarizado en nivel de Educación no CRA de Boqueixón-Vedra
 “Neira Vilas”, recibo a copia do informe psicopedagóxico do meu fillo/a por parte da xefa do
 Departamento de Orientación (tal como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que
 se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á
 diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que
 se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)
 entendendo que se trata de documentación confidencial que contén datos persoais relativos
 ó/á menor, polo que me comprometo como titor/a legal do mesmo a gardar a
 confidencialidade de dito informe e a custodialo coa debida dilixencia.

En.....a, de..... de 202....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
 (Sinatura)

Asdo.....